



REGULAMENTO ELECTORAL

**Para a elección a membros da
Asemblea Xeral, Presidente e Comisión
Delegada da Federación Galega de
Atletismo durante o período 2010-2014.**

**DOCUMENTO RESULTANTE DA APROBACIÓN POLA ASEMBLEA
XERAL EXTRAORDINARIA DA F.G.A. DO 26 DE SETEMBRO (2010)
E DOS CAMBIOS FEITOS TRAS RECIBIR OS INFORMES DA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA
OS DÍAS 30 DE SETEMBRO E 5 DE OUTUBRO DE 2010.**

Última actualización: martes, 5 de outubro de 2010, ás 21,00 horas



Artigo 1. Obxecto da normativa

En requirimento da Orde do 8 de setembro de 2010, publicada no DOG número 174 do xoves, 9 de setembro de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e realización dos procesos electorais nas Federacións Deportivas Galegas, durante o ano 2010, confeccionase a presente normativa que regula o proceso de elección dos órganos de goberno, Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Atletismo, con representatividade durante o período 2010 ata o 2014.

Artigo 2. Celebración de eleccións

A Federación Galega de Atletismo procederá á elección da súa Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada durante o ano 2010. O calendario electoral será o indicado no anexo I. Os sobres e papeletas serán os establecidos no anexo II. Establécese como horario de apertura ao público nas sedes das mesas electorais o seguinte: 17:00 – 20.00 horas.

Artigo 3. Regulamento electoral provisional e definitivo

Unha vez aprobado o regulamento electoral por parte da Asemblea Xeral Extraordinaria da Federación Galega de Atletismo será remitido á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, que resolverá, no prazo máximo de 10 días hábiles dende a entrada do documento no seu rexistro, sobre a aprobación do mesmo ou a súa devolución para a corrección de posibles deficiencias.

Transcorridos estes sen que recaia resolución algunha entenderase aprobado o regulamento. No caso de ser necesaria a subsanación de deficiencias, indícaranse as mesmas e se concederán dez días hábiles para proceder a dita corrección.

Solicítase á Asemblea Xeral Extraordinaria, en base ao sinalado na orde do 8 de setembro de 2010, publicada no DOGA número 174 do xoves 9 de setembro de 2010, que, no caso que houbera que subsanar algunha deficiencia no mesmo regulamento electoral, delegue e autorice á Xunta Directiva a facer os cambios necesarios, sen necesidade dun novo sometemento á aprobación da asemblea xeral. Unha vez feitas estas modificacións, o novo regulamento presentarase á Secretaría xeral para o deporte para a súa ratificación definitiva. A Asemblea Xeral, aprobou esta proposta o 26 de setembro de 2010.

Artigo 4. Censo electoral

1. O censo electoral (ANEXO III) incluirá aos atletas, técnicos, xuíces e entidades deportivas inscritas na federación e no Rexistro de Asociacións deportivas e deportistas de Galicia, que reúnan os requisitos para ser electores e elixibles, de acordo co establecido no artigo 8º do presente regulamento. Inclúranse os seguintes datos:



- a) Para os/as atletas, técnicos e xuíces: nome, apelidos, número de licenza federativa, número do Documento nacional de identidade ou da tarxeta de residencia e domicilio a efectos de notificación. O domicilio reflectido por defecto para o estamento de deportistas será o do club ao que pertezan, ou no seu caso tamén respecto do estamento de xuíces/árbitros, o que a estos efectos indiquen a Federación Galega de Atletismo. No período de reclamacións ao censo provisional poderase solicitar o cambio de domicilio.
 - b) Para as entidades deportivas: nome, denominación ou razón social e número de inscrición no Rexistro de Asociacións deportivas e deportistas de Galicia, así como o nome e apelidos do presidente e secretario. Os datos dos clubs deberán ser plenamente coincidentes cos datos contidos no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, tendo a Federación Galega de Atletismo a obriga de cotexar ditos datos. No caso de discrepancias entre os datos obrantes no rexistro da federación e os obrantes no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia, establecerase un prazo de 10 días para a súa subsanación.
2. O censo electoral provisional publicarase xunto coa convocatoria. A exposición pública do mesmo deberá facerse por un prazo mínimo de 10 días hábiles, dentro do cal se poderán presentar as reclamacións que se estimen oportunas ante a Xunta Electoral, resolvéndose por esta no prazo máximo de 5 días hábiles e considerándose o silencio da xunta en sentido estimatorio da petición realizada. Dita exposición farase no taboleiro de anuncios da Federación Galega de Atletismo e das Delegacións federativas, así como na páxina web www.atletismogalego.org.
 3. O censo será considerado definitivo se non se presenta reclamación algunha, ou cando de presentarse, sexa resolta pola xunta electoral ou, se é o caso, polo Comité Galego de Xustiza Deportiva. Deberán aplicarse as mesmas garantías de difusión e publicidade que as previstas no número 2 deste artigo para o censo provisional.
 4. Os datos contidos no censo electoral gozarán da protección do previsto na LO 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. En todo caso o tratamento e publicación dos datos contidos no censo terá por única finalidade garantir o exercicio polos electores do seu dereito de sufraxio, estando prohibida a súa cesión ou utilización para unha finalidade distinta a aquela.

Artigo 5. Xunta electoral

1. O mesmo día da convocatoria de eleccións, constituirase a Xunta Electoral.
2. A xunta electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na asemblea xeral extraordinaria, entre as persoas que presenten a súa candidatura a membros da xunta electoral. As candidaturas deberanse presentar na mesma asemblea na que se celebre a súa elección, podendo estar os candidatos presentes na mesma.



Os membros da xunta deberán reunir os requisitos seguintes:

- a) Ser maior de 18 anos.
- b) Ter o título de bacharelato superior ou equivalente.
- c) Non presentarse como candidato a membro da asemblea xeral.
- d) Non ter relación profesional ou contractual coa Federación Galega de Atletismo
- e) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que conleve sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.

3. No caso de non presentación de candidatos a membros da xunta electoral, o presidente da federación proporalle á asemblea os membros necesarios para completar a mesma, os cales deberán así mesmo reunir os requisitos definidos no apartado anterior.

4. Actuará como presidente e secretario da xunta electoral o membro de maior e menor idade, respectivamente. As decisións da xunta electoral tomaranse por maioría de votos. A asistencia á xunta electoral é obrigatoria salvo causa xustificada.

Os membros elixidos pola Asemblea Xeral do 26 de setembro de 2010 e que comporán a Xunta Electoral son os seguintes:

MEMBROS TITULARES

D. José Antonio Bastos González
D. Manuel Mora y Vita da Veiga
D. Ramón Tasende Díaz

MEMBROS SUPLENTES

D. Julio Santiago Freijanes
D. Benito Martín Bécares
D. Guillermo Sandino Leira

5. Funcións da xunta electoral:

- a) Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos.
- b) Organizar os procesos das eleccións para a asemblea xeral e presidente da federación, segundo o disposto neste regulamento electoral.
- c) Designar as mesas electorais de conformidade co previsto neste regulamento electoral.
- d) Aprobar as candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, así como o resto da documentación electoral.
- e) Garantir a exposición de censos, candidaturas e outros documentos según se estableza neste regulamento electoral.
- f) Coñecer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten.
- g) Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, excepto o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo, ata a súa finalización.
- h) En xeral, cantas facultades lle sexan atribuídas por este regulamento electoral



Artigo 6. Mesa electoral: composición e competencias.

1. En cada circunscrición electoral constituirase unha única mesa electoral para a elección dos membros da asemblea no día fixado. O horario de apertura da mesa será o seguinte: 17.00 ata ás 20.00 horas. Ubicaranse nos seguintes lugares:

A CORUÑA: Federación Galega de Atletismo Avda. de Glasgow 13-Complexo Deportivo Elviña 15008 A CORUÑA Tlf: 981291693. Fax 981292056	FERROL: Delegación da F.G.A. en Ferrol Pistas de A Malata Serantes s/n. 15410 FERROL
SANTIAGO: Delegación da F.G.A. en Santiago Estadio Universitario de Atletismo Avda. das Ciencias s/n. 15701 SANTIAGO Tlf: 981 192331/699057408. Fax: 981 192331	LUGO: Delegación da F.G.A. en Lugo Avda. Filarmónica Lucense 3.- Pistas de Atletismo Gregorio Pérez Rivera 27002 LUGO. Tlf/Fax: 982 25199
OURENSE: Delegación F.G.A. en Ourense Noriega Varela 12, baixo 32004 OURENSE Tlf/Fax: 988 245353	O BARCO: Delegación da FGA en O Barco Estadio de Fútbol Calabagueiros Calabagueiros s/n. 32300 O Barco Tlf: 609239017 - Fax/988325953
PONTEVEDRA: Delegación da F.G.A. en Pontevedra. Centro Galego de Tecnificación Deportiva Fernando Olmedo 3 36002 PONTEVEDRA. Tlf/Fax 986 864522	VIGO: Delegación da F.G.A. en Vigo Casa do Deporte. Fotografo Luis Ksado 17 36209 VIGO Tlf/ 986 221500 Fax: 986 441216

As mesas electorais estarán compostas por tres membros titulares (un presidente, un secretario e un vogal) e tres suplentes destes, elixidos por sorteo pola xunta electoral entre os integrantes do censo definitivo. Serán presidente e secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A asistencia á mesa electoral é obrigatoria salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola xunta electoral.

Así mesmo, para a mesa electoral, os candidatos poden nomear interventores, entre quen desempeñe a condición de elector, que serán identificados ante a xunta electoral con antelación non inferior a 24 horas do día de celebración das respectivas votacións. A xunta electoral expedirá a correspondente acreditación.

Os interventores poderán participar nas deliberacións da mesa, con voz pero sen voto, así como solicitar á mesma certificacións e formular ante ela protestas, todo iso sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde conforme aos artigos 18 e 19 deste regulamento.

O sorteo para a elección das mesas electorais farase na sede da Federación Galega de Atletismo (A Coruña), o día 2 de novembro de 2010, ás 18.00 horas.

2. A efectos de remisión do voto por correo, establécese como lugar para a recepción deste voto cada unha das 8 sedes das mesas electorais indicadas.

3. Son competencias da mesa electoral:

- Comprobar a identidade dos votantes.
- Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada aos efectos.
- Proceder á contaxe de votos.
- Levantar acta dos votos emitidos, resultados, e calesquera outras incidencias, así como das incidencias e reclamacións se as houber, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato.



4. A acta será subscrita por todos os membros da mesa electoral, así como polos interventores, se os houber, remitíndose posteriormente á xunta electoral, que deberá garantir a súa exposición pública mediante a publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web www.atletismogalego.org

5. Cando proceda a elección de presidente constituirase a mesa electoral con dous membros que serán respectivamente o de maior e menor idade da asemblea. O primeiro actuará como presidente e o segundo como secretario. Así mesmo, e ata que conclúa a elección de presidente, exercerán funcións de presidente e secretario da asemblea.

6. Os gastos de desprazamentos dos membros das mesas electorais serán sufragados pola Federación Galega de Atletismo, conforme á actual normativa económica.

Artigo 7. Convocatoria de eleccións

1. A convocatoria das eleccións será feita polo Presidente da Federación Galega de Atletismo o día 11 de outubro do 2010, conforme a este regulamento electoral, aprobado pola Secretaría xeral para o deporte.

2. Simultaneamente á convocatoria de eleccións, a xunta directiva disolverase, contituíndose en comisión xestora que non poderá realizar mais que actos de mera administración e trámite.

3. A convocatoria de eleccións publicarase no taboleiro de anuncios da sede da federación e nas delegacións, así como na páxina web www.atletismogalego.org. A notificación da convocatoria de eleccións conterá cantos datos se precisen para o correcto desenvolvemento do proceso electoral, e sinaladamente:

- a) Regulamento electoral.
- b) Calendario electoral con indicación do lugar, data e hora de celebración dos actos propios do proceso electoral.
- c) Lugar de consulta dos censos electorais.
- d) Modelos oficiais de sobres e papeletas.
- e) Composición e sede da xunta electoral da Federación.

4. Cun prazo de antelación mínimo de cinco días hábiles dende a data da convocatoria, ésta haberá de ser notificada, a través de medio que permita asegurar a súa recepción, cando menos, ás entidades deportivas integrantes da desta federación e á Secretaría xeral para o deporte.

Artigo 8. Electores e elixibles

1. Poderán ser electores e elixibles:

a) No caso dos estamentos constituídos por persoas físicas (atletas, técnicos e xuíces) os que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade á data da convocatoria das eleccións.
- Ter licenza federativa en vigor e tela tido na tempada deportiva anterior á data de convocatoria de eleccións (atletas, xuíces e adestradores).



- Ter participado nun mínimo de unha competición oficial na tempada deportiva anterior (xuíces e atletas).

b) No caso do estamento de clubs: aqueles clubs, que estean inscritos, no ano da convocatoria das eleccións, na federación e no Rexistro de asociacións deportivas e deportistas de Galicia e teñan participado en competicións deportivas. A estes efectos, deberán de ter participado nun mínimo de 200 actuacións entre o ano de convocatoria das eleccións e os dous anos inmediatamente anteriores a aquel, e necesariamente 30 delas no ano da convocatoria das eleccións. Non será elixibles aqueles clubs que formen parte da asemblea na súa condición de membros natos.

2. Aos efectos deste artigo entenderase como competición deportiva, aquela que estivera reflectida nos correspondentes calendarios oficiais aprobados pola Asemblea xeral ou, sucesivamente, pola Comisión Delegada e Xunta Directiva .

3. Os membros da federación que pertenzan a dous ou mais estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito ante a xunta electoral que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo. Os criterios para identificar os electores nun único estamento, no caso de non existir a proposta individual, corresponderá ao ano de maior antigüedad de cada estamento.

Artigo 9. Composición da Asemblea xeral

1. O número de membros da asemblea xeral será de **65¹**, en aplicación do artigo 10, do presente regulamento electoral. O presidente da federación desempeñará a presidencia da asemblea xeral.

2. Os seus membros serán elixidos cada catro anos mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, salvo a singularidade prevista para o estamento de clubs, por e entre os compoñentes de cada estamento de conformidade co número e proporcións de representación que se establecen no presente regulamento.

3. Na asemblea xeral deberán estar representados todos os estamentos recoñecidos nos estatutos e integrados na federación e, cando menos, os clubs deportivos, os atletas, os adestradores e os xuíces.

4. No estamento de clubs haberá membros natos e membros electos.

5. A representación dos clubs corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda. Esta representación acreditarase fidelignamente mediante certificación da inscrición do Rexistro de asociacións deportivas e deportistas de Galicia na que figure expresamente os representantes legais da entidade.

6. Non cabe representación das persoas físicas.

7. Ningún membro da asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.

¹ Este número podería sufrir modificacións, unha vez aprobado o censo definitivo electoral



8. A Federación galega de Atletismo axustarase, no posible, nas súas actuacións ás recomendacións feitas pola Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG nº 149, do 3 de agosto).

Artigo 10. Proporcionalidade na composición da Asemblea xeral

1. A porcentaxe de cada estamento adecuarase ás seguintes proporcións:

- Representantes de clubs: dende 60 ata 75%
- Representantes de deportistas: dende 20 ata 30%
- Representantes de adestradores: dende 5 ata 10%
- Representantes de xuíces: dende 5 ata 10%
- Outros colectivos se os houber: ata o 10%

2. A representación mínima do estamento de clubs na asemblea xeral da Federación Galega de Atletismo deberá ser **do 50% do censo definitivo de clubs**, incluíndo os membros natos.

En calquera caso todos os clubs deberán necesariamente cumprir os requisitos que para eles se establece no artigo 8 desta regulamentación.

- As porcentaxes xerais atribuídas a cada estamento son distribuídas, asegurándose unha representación de cada estamento por cada provincia, na seguinte proporción:

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
Clubs	15	5	5	16	41 (63,07%)
Atletas	4	3	4	5	16 (24,61%)
Adestradores	1	1	1	1	4 (6,15%)
Xuíces	1	1	1	1	4 (6,15%)
Total:	21	10	11	23	65 (100%)

4. Cando o número de candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ao procedemento electoral. No entanto, no caso de que nalgún estamento da asemblea houbera máis dun 20% de vacantes, unha vez terminado o proceso electoral e no prazo máximo de 3 meses, o presidente procederá á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte aos xa elixidos.

Artigo 11. Membros natos da Asemblea Xeral polo estamento de clubs

Serán membros natos da Asemblea Xeral da FGA, unicamente para o estamento de clubs, e polo tanto sen necesidade de someterse a votación, aqueles **cinco** que contén un maior número de licenzas, así como **outros cinco** que teñan participado no maior número de competicións oficiais. Para a determinación dos membros natos pola participación en competicións ou actividades, valorarase tanto o número de competicións ou actividades nas que se participa como o número de deportistas participantes.



Nos casos de empate nalgunha das categorías anteriores, será membro nato aquel club que conte con mais méritos na outra categoría. No caso de proseguir o empate, este resolverase favorablemente para o club con mais antigüidade na súa afiliación á federación.

Estes datos referiranse ao ano inmediatamente anterior ao da convocatoria de eleccións (tempada 2008/2009).

No caso de que un club teña méritos para obter representación na asemblea por ambas categorías, a representación resultante será cuberta polos clubs candidatos á asemblea según o procedemento ordinario de elección no estamento de clubs.

Os clubs deberán estar incluídos no Censo electoral definitivo. Aqueles clubs que desexen renunciar á súa condición de membro nato deberán facelo, ante a Xunta electoral, no prazo de reclamacións ao censo provisional establecido no artigo 4.2. A Xunta electoral publicará tal incidencia no taboleiro de anuncios da federación, así como na súa páxina web.

Aos efectos de publicidade e posibles recursos estarase ao disposto no artigo 4º, respecto ao censo electoral.

En aplicación desta normativa, serán membros natos os seguintes clubs:

Número de licenzas 2008/2009	Número de actuacións 2008/2009
1. 372 A.D.A.S.	1. 1776 Atletismo Vila de Cangas
2. 256 Cimáns Coruña Comarca	2. 1713 A.D.A.S.
3. 220 Ourense Atletismo A.Postal	3. 1634 Ourense Atletismo A.Postal
4. 204 Atletismo Vila de Cangas	4. 1545 Sociedad Gimnástica Pontevedra
5. 202 Sociedad Gimnástica Pontevedra	5. 1172 Cimáns Coruña Comarca

Por conseguinte, dado que son os mesmos cinco clubs que repítense tanto polo criterio de número de licenzas como polo número de actuacións, serán cinco clubs os que formarán parte da Asemblea Xeral como membros natos, salvo renuncia expresa dalgunhos dos mesmos.

Artigo 12. Candidatos a membros electos da Asemblea xeral

1. Poderá ser candidato a membro da asemblea xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo que o solicite persoalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite fehacientemente en dereito a dita solicitude, ante a xunta electoral. Para a solicitude establécese un prazo de 3 días hábiles a contar dende a publicación do censo definitivo.

2. Unha vez presentadas as candidaturas, a xunta electoral proclamará a lista provisional de candidatos facéndoa pública na páxina web www.atletismogalego.org. Haberá un prazo de 2 días hábiles, para a presentación de posibles reclamacións ante a Xunta electoral.



3. Unha vez resultas as posibles reclamacións si as houbera, procederase á proclamación definitiva de candidatos.

Artigo 13. Sistema de votación a membros da Asemblea xeral

1. A votación a membros da asemblea realizarase en urnas separadas por estamentos. A votación desenvolverase sen interrupcións durante o horario reflectido neste regulamento. Soamente por causa de forza maior poderán non iniciarse ou interromperse as votacións. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ao seu escrutinio. Neste caso, a xunta electoral fixará unha data para a nova votación.

2. O dereito de votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo. Para a súa identificación, o elector deberá presentar documento acreditativo da súa personalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de conducir con fotografía do titular). No caso das persoas xurídicas a representación corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda, debéndose acreditar fehacientemente a dita representación mediante certificación da inscrición do Rexistro de asociacións deportivas e deportistas de Galicia na que figure expresamente os representantes legais da entidade.

Se un membro electo da Asemblea perdera a condición pola que foi elixido, causará baixa automaticamente naquela, procedéndose á súa substitución. No caso das persoas físicas e no caso do estamento de clubs considerando o número de votos recibidos polo seguinte na lista

Artigo 14. Voto por correo

1. Unicamente se admitirá o voto por correo nas votacións para membros da Asemblea naqueles estamentos integrados por persoas físicas.

2. O exercicio do voto por correo haberá de ser solicitado polo interesado á xunta electoral, dende a data da convocatoria das eleccións ata 2 días hábiles despois da publicación do censo definitivo. Esta solicitude deberá facerse persoalmente, mediante correo certificado, burofax, ou por calquera outro medio validamente admitido en dereito que deixe constancia da solicitude.

3. Recibida pola xunta electoral a solicitude referida no punto anterior, comprobará a inscrición no censo definitivo do solicitante, realizando no caso de estar inscrito a anotación correspondente no censo e extendendo un certificado de autorización do voto por correo.

O certificado ao que se refire o parágrafo anterior deberá reflectir o nome do elector, o estamento polo que se solicita o exercicio do voto, así como un espazo en branco que deberá ser asinado polo elector previamente ao envío do voto á Secretaría xeral para o deporte.



A xunta electoral deberá remitir este certificado dentro dos 2 días hábiles seguintes á proclamación definitiva dos candidatos, remitíndollo aos solicitantes por correo certificado urxente e con acuse de recibo á dirección postal sinalada polo interesado na súa solicitude. Igualmente enviaráselle unha papeleta de votación en branco e o sobre de votación oficiais, xunto coa relación definitiva de todas as candidaturas presentadas ordenadas alfabeticamente.

O listado de persoas autorizadas para o exercicio do voto por correo deberase remitir á Secretaría xeral para o deporte, publicándose asemade na páxina web www.atletismogalego.org

4. O elector introducirá a papeleta de voto no sobre da votación e pecharao. Incluirá este sobre de votación, xunto ao certificado emitido pola xunta electoral no que se autoriza o voto por correo, asinado polo emisor do voto e a copia do DNI, nun sobre de maior tamaño que os anteriores que remitirá á Secretaría xeral para o deporte para a súa custodia, por correo certificado urxente, consignándose no anverso e reverso do mesmo os seguintes datos:

Anverso:

Secretaría xeral para o deporte
Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 4
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)
Eleccións á Asemblea Xeral da Federación Galega de Atletismo

Reverso:

Circunscrición electoral de ... XXX
Nome e apelidos do remitente
Estamento de ... XXX

5. A presentación dos votos nas Oficinas de Correos deberá realizarse con 6 días hábiles de antelación á data de celebración das eleccións, mediante envío por correo certificado urxente, e non serán admitidos os sobres depositados con data posterior. A Secretaría xeral para o deporte custodiará os votos emitidos, que serán postos a disposición da mesa electoral o día da votación, xunto cunha relación nominal dos mesmos, a fin de que, con posterioridade ao peche da votación presencial os membros da Mesa electoral poidan abrilos e, tras comprobar a súa regularidade, depositar cada voto na urna correspondente para incorporalo ao escrutinio.

6. Prevalecerá o voto persoal sobre o voto emitido por correo no caso de concorrencia de ambos.



Artigo 15. Presentación de candidaturas a presidente

1. De conformidade, e no prazo de 2 días hábiles dende a proclamación definitiva dos membros da Asemblea xeral, poderá presentar candidatura a presidente da federación calquera persoa física membro da asemblea xeral, que teña a condición política de galego, maior de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís, que non incorrese en ningunha sanción deportiva que o inhabilite e que non estea inhabilitado para o desempeño dun cargo público por sentenza xudicial firme. A persoa que resulte elixida como presidente terá que cesar en todo tipo de actividades técnicas e directivas no deporte específico e no ámbito territorial da federación galega correspondente

Se algún membro da comisión xestora presentase a súa candidatura á presidencia, deberá cesar naquela.

O presidente saínte da federación será membro da nova asemblea xeral. Esta condición perderase nos casos de non presentar candidatura á presidencia ou, de téndoa presentado, non resultara elixido.

2. A presentación de candidaturas farase, segundo os medios reflectidos no artigo 5, na sede oficial da federación ou en calquera das súas delegacións, mediante escrito dirixido á xunta electoral, facendo constar a condición de membro de pleno dereito da asemblea xeral.

3. Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a xunta electoral exporá a listaxe provisional de candidatos a presidente no taboleiro de anuncios da federación así como na súa páxina web www.atletismogalego.org. Pódense presentar impugnacións a mesma nos seguintes 2 días hábiles a publicación da listaxe provisional. As impugnacións serán resoltas pola xunta electoral no prazo máximo dos 2 días hábiles seguintes.

A xunta electoral publicará no día seguinte hábil, seguindo os medios reflectidos no punto anterior, a lista definitiva de candidatos á presidencia.

Artigo 16. Elección do presidente

1. No día e hora fixados na convocatoria correspondente, constituirase a Asemblea xeral en primeira ou segunda convocatoria tendo como únicos puntos da orde do día a elección a Presidente e a membros da Comisión delegada. O presidente da federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da asemblea xeral presentes no momento da elección.

2. Na votación á elección de presidente non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto. A representación dos clubs realizarase conforme o establecido no artigo 9 parágrafo quinto, non admitíndose que unha persoa ostente a representación de mais dun club.

3. Comezada a sesión e constituída a mesa electoral, o presidente presentará os candidatos. iniciando, de seguido, o proceso de votación.



4. Os candidatos terán o opción de expoñer os seus programas, procedéndose posteriormente á votación en urna para a elección do presidente, que será secreta.
5. A Xunta Electoral determinará o modelo de papeleta. Cada membro da Asemblea só poderá votar a un candidato.
6. O proceso de votación está formado por un máximo de tres votacións.
 - a. Na primeira votación son elixibles todos os candidatos da listaxe definitiva. Aqueles que obteñan un mínimo do 10% dos votos dos membros presentes, pasarán á seguinte votación. No suposto en que ningún candidato acade o 10% dos votos, pasarán á seguinte votación aqueles dous candidatos que contén cun maior número de votos. No suposto en que soamente sexa un candidato o que obteña o 10% dos votos, pasará tamén á seguinte votación o seguinte candidato en número de votos. De acadarse por algún candidato a maioría absoluta dos votos, nesa primeira votación, será proclamado Presidente.
 - b. Na segunda votación soamente serán elixibles aqueles que, como xa está exposto e coas excepcións contempladas, obtiveran alomenos o 10% dos votos dos membros presentes. Será elixido presidente o candidato que nesta fase obteña a maioría absoluta dos votos.
 - c. No caso de que na votación anterior ningún candidato obteña a maioría absoluta, procederase a unha nova votación entre os dous máis votados, no prazo máximo de 3 horas, resultando elixido o que obteña maioría de votos.
7. Terminada cada unha das votacións realizadas, a mesa electoral procederá á contaxe de votos e levantará a oportuna acta.
8. No caso de existir soamente dous candidatos, resultará elixido o que obteña a maioría simple dos votos. No caso de empate resultará elixido o candidato de maior idade.
9. No caso de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación.
10. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a comisión xestora administrará a federación e convocará e realizará novas eleccións a presidente no prazo máximo de 3 meses.
11. Rematada a elección, a acta do resultado desta será remitida á xunta electoral. Transcorridos os prazos de presentación de posibles recursos e resoltos estes, a xunta electoral proclamará presidente ao candidato máis votado e comunicará os resultados á Secretaría xeral para o deporte no prazo máximo de 10 días.
12. Unha vez proclamado definitivamente o novo presidente, a comisión xestora deberá poñer a disposición deste no prazo máximo de 5 días hábiles, contados dende a proclamación definitiva, toda a documentación relativa á federación, levantando acta da documentación entregada e remitíndolle copia desta á Secretaría xeral para o deporte.



13. Tras a súa proclamación o presidente designará os demais órganos e comités de acordo cos estatutos da federación, debendo comunicarlle a súa composición á Secretaría xeral para o deporte no prazo máximo de 10 días hábiles, dende o seu nomeamento.

Artigo 17. Elección de membros da comisión delegada

A Comisión Delegada será elixida entre e pola asemblea xeral mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto entre os seus membros. O seu mandado coincidirá co da asemblea xeral. Será presidida polo presidente da federación como membro nato desta.

O número de membros da comisión delegada será de 10 membros, máis o Presidente da FGA. A composición da Comisión Delegada será a seguinte:

- 1 O Presidente da F.G.A
- 6 Clubs
- 2 Atletas
- 1 Xuíz
- 1 Adestrador

Serán elixidos membros da Comisión Delegada os que obteñan o número máis elevado de votos por casa Estamento, ata completar aos correspondentes membros por cada un deles.

En caso de empate entre os candidatos do Estamento de Clubs, sairá elixido o Club que tivese maior número de licenzas a tempada anterior. En caso de empate entre os candidatos do Estamento de Atletas, sairá elixido o atleta con licenza federativa máis antiga. Para o Estamento de Adestradores, o de título de Adestrador mais antigo. Para o Estamento de xuíces, o Xuíz con licenza máis antiga

Artigo 18. Recurso ante a Xunta electoral

O coñecemento de tódolos recursos que se poidan formular na materia electoral corresponde á xunta electoral, sendo tódalas súas resolucións recorribles ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva. Están lexitimados para interpoñer recursos os representantes das candidaturas ou as persoas e entidades debidamente afectadas polos acordos da xunta electoral.

Os recursos ante a Xunta electoral serán presentados, personalmente ou por calquera medio que acredite fehacientemente en dereito a presentación do escrito (burofax, correo certificado, telegrama...), na sede central federativa mediante escrito dirixido ao presidente da Xunta electoral.



Os prazos para a presentación destes recursos, así como os de resolución da Xunta electoral serán de 2 días hábiles seguintes á resolución, salvo nos casos nos que no presente regulamento ou na Orde do 8 de setembro de 2010 se establezan outros distintos.

Artigo 19. Recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva

1. Contra os acordos e resolucións das xuntas electorais procederá recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, poñendo fin, as resolucións deste, á vía administrativa.

Están lexitimados para interpoñer este recurso os representantes das candidaturas ou as persoas ou entidades debidamente afectadas polos acordos da xunta electoral.

2. O prazo para presentar recursos ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva será de 2 días hábiles dende o seguinte ao da notificación do acordo expreso da xunta electoral ou do seguinte a aquel en que rematou o prazo de resolución de reclamacións segundo o calendario electoral.

3. O escrito de interposición do recurso deberá expresar:

- a) Nome, DNI e domicilio da persoa física ou denominación e enderezo social dos entes asociativos interesados, incluíndo neste último caso o nome do seu representante legal.
- b) Se é o caso, o nome, DNI e enderezo do representante do interesado, podendo acreditar a súa representación, ademais de polos medios legais procedentes, a través de comparecencia ante a Secretaría do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- c) Lexitimación para interpoñer o recurso
- d) O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- e) As consideracións de feito e de dereito nas que baseen as súas pretensións, así como as propostas de proba que ofrezan en relación con aquelas.
- f) As pretensións que deduzan de tales consideracións.
- g) Lugar, data e sinatura.



Anexo I. Calendario electoral

Data	Proceso
Xo-9 setembro	Publicación no DOGA número 174 da Orde do 8 de setembro que regula o proceso electoral
Ve-10 setembro	Convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria da Federación Galega de Atletismo.
Ve-10 setembro	A S.X.D. remitirá por correo electrónico un modelo standard de regulamento ás federacións
Lu-13 setembro	Recepción do modelo xeral de Regulamento Electoral por parte da Secretaría Xeral para o Dep.
Ma-14 setembro	Inicio da adecuación do Regulamento Electoral da FGA ao modelo recibido por parte da SXD
Do-26 setembro	Xunta Directiva da FGA
Do-26 setembro	Asemblea Xeral Extraordinaria. Aprobación do Regulamento provisional e elección da X. Xestora
Lu-27 setembro	Preséntase á S.X.D. o Regulamento provisional electoral (Prazo de revisión máximo: 10 días)
Xo-30 setembro	Comunicación a todos os estamentos das eleccións (Prazo: 5 días hábiles antes)
Ve-8 setembro	Remata o prazo da Secretaría Xeral para o Deporte para facer emendas de deficiencias.
Lu-11 outubro	Convocatoria oficial de eleccións (Publicación nos taboleiros e WEB federativa) Presentación dos censos provisionais (Prazo de presentación: 10 días hábiles) Disolución das Xuntas Directivas e transformación en Comisións Xestoras
Lu-11 outubro	Consitución da Xunta Electoral
Lu-11 outubro	Inicio do prazo para o voto por correo Dende a data da convocatoria ata 2 días hábiles despois da publicación do censo definit.
Sa-23 outubro	Remata o prazo de exposición do censo provisional
Sa-23 outubro	Remata o prazo para presentar reclamacións ao censo provisional
Ve-29 outubro	Remata o prazo da Xunta Electoral para resolver reclamacións do censo provisional
Ve-29 outubro	Publicación do Censo definitivo
Ve-29 outubro	Apertura do prazo para presentación de Candidatos á Asemblea Xeral (Prazo: 3 días hábiles)
Mar-2 novemb.	Último día para remitir o voto por correo
Mar-2 novemb.	Sorteo para a eleccións dos membros das mesas electorais. Sede da FGA (A Coruña): 18.00 h.
Mier-3 novemb.	Remata o prazo para presentación de Candidatos á Asemblea Xeral
Mier-3 novemb.	Publicación das listas provisionais de Candidatos á Asemblea Xeral
Xo-4 novemb.	Inicio prazo de reclamacións de candidatos á Asemblea Xeral (Prazo: 2 días hábiles)
Ve-5 novemb.	Remata o prazo de reclamacións da lista de Candidatos á Asemblea Xeral
Sa-6 novemb.	Resolucións de posibles reclamacións
Sa-6 novemb.	Exposición das listas definitivas de Candidatos á Asemblea Xeral
Do-7 novemb.	ELECCIONS A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL
Lu-8 novemb.	Exposición das listas provisionais dos membros electos da Asemblea Xeral
Lu-8 novemb.	Inicio do prazo de reclamacións ás listas provisionais da Asemblea Xeral
Ma-9 novemb.	Expira o prazo de reclamacións dos membros electos da Asemblea Xeral
Xo-11 novembr	Resolución das posibles reclamacións por parte da Xunta Electoral
Xo-11 novembr	Publicación das resolucións da Xunta Electoral
Xo-11 novembr	Exposición das listas definitivas dos membros electos da Asemblea Xeral
Ve-12 novembr	Apertura do prazo de presentación de Candidatos a Presidente da federación
Sa-13 novembr	Remata o prazo de presentación de Candidatos a Presidente da federación
Sa-13 novembr	Publicación da lista provisional de candidatos á Presidente da federación
Lus.15 novembr	Inicio prazo reclamacións a candidatos a Presidente da federación
Mar-16 novemb	Expira o prazo de presentación de reclamacións á lista de Candidatos
Xo-18 novemb.	Resolución por parte da Xunta Electoral das posibles reclamacións a Presidente da federación
Ven-19 novemb.	Exposición da lista de candidatos a Presidente da federación
Sa-20 novemb	ASEMBLEA EXTRAORDINARIA. ELECCION DO PRESIDENTE E COMIS. DELEGADA
Lu-22 novemb.	Inicio do prazo de reclamación a Elección do Presidente e Comisión Delegada
Ma-23 novembr	Expira o prazo de reclamacións a Elección de Presidente e Comisión Delegada
Xo-25 novembr	Resolución da Xunta Electoral de posibles reclamacións a Elección de Presidente e C. Delegada
Xo-25 novembr	Proclamación do Presidente e Comisión Delegada por parte da Xunta Electoral



Anexo II. Modelos de sobres e papeletas

ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL REPRESENTANTES DE ATLETAS PROVINCIA DE A CORUÑA



Candidatos/as:

- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**

Marcar un máximo de 4 atletas

ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL REPRESENTANTES DE ATLETAS PROVINCIA DE LUGO



Candidatos/as:

- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**

Marcar un máximo de 3 atletas



ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL REPRESENTANTES DE ATLETAS PROVINCIA DE A OURENSE



Candidatos/as:

- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**

Marcar un máximo de 4 atletas

ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL REPRESENTANTES DE ATLETAS PROVINCIA DE PONTEVEDRA



Candidatos/as:

- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**

Marcar un máximo de 5 atletas



ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL REPRESENTANTES DE XUÍCES/ZAS PROVINCIA DE A CORUÑA



Candidatos/as:

- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**

Marcar un máximo de 1 xuíz/za

ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL REPRESENTANTES DE XUÍCES/ZAS PROVINCIA DE LUGO



Candidatos/as:

- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**

Marcar un máximo de 1 xuíz/za



ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL REPRESENTANTES DE XUIÇES/ZAS PROVINCIA DE A OURENSE



Candidatos/as:

- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**

Marcar un máximo de 1 xuíz/za

ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL REPRESENTANTES DE XUIÇES/ZAS PROVINCIA DE PONTEVEDRA



Candidatos/as:

- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**

Marcar un máximo de 1 xuíz/za



ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL REPRESENTANTES DE ADESTRADORES/AS PROVINCIA DE A CORUÑA



Candidatos/as:

- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**

Marcar un máximo de 1 adestrador/a

ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL REPRESENTANTES DE ADESTRADORES/AS PROVINCIA DE LUGO



Candidatos/as:

- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**

Marcar un máximo de 1 adestrador/a



ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL REPRESENTANTES DE ADESTRADORES/AS PROVINCIA DE A OURENSE



Candidatos/as:

- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**

Marcar un máximo de 1 adestrador/a

ELECCIÓN A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL REPRESENTANTES DE ADESTRADORES/AS PROVINCIA DE PONTEVEDRA



Candidatos/as:

- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**
- Xxxxxx**

Marcar un máximo de 1 adestrador/a



Anexo III. Censos provisionais